

# PROCEDEMENTO DE DETERMINACIÓN DA TEMPERATURA CORPORAL FEMORA

Procedementos de enfermería: constantes



# PROCEDIMENTOS DE ENFERMERÍA

**XUNTA DE GALICIA**

Consellería de Sanidade

Servizo Galego de Saúde

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela 2015

**DATA DE ELABORACIÓN:** Setembro 2013.

**EDITA:** Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

**LUGAR:** Santiago de Compostela.

**ANO:** 2015.

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** everis Spain, S.L.U.

## **AUTORES**

M.<sup>a</sup> Ángeles Martínez López, supervisora de Calidade, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

M.<sup>a</sup> Teresa Pérez Rodríguez, supervisora de Especialidades, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Raquel Hermida Coto, supervisora de Traumatoloxía, Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

M.<sup>a</sup> Isabel Castro Fernández, directora de Enfermería. Hospital de Monforte. EOXI Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.



*Xunta de Galicia. 2015. Procedementos de enfermería*

*Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:*  
<http://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicacións-da-Organización>

*Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial-Compartirlgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:*  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl>

<b>1</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>	/ 6
<b>2</b>	<b>DEFINICIÓNS, ABREVIATURAS E PALABRAS CLAVE</b>	/ 7
<b>3</b>	<b>OBXECTIVO</b>	/ 7
	Obxectivo xeral /	
	Obxectivos específicos /	
<b>4</b>	<b>ÁMBITO DE APLICACIÓN</b>	/ 8
	Diagnósticos de enfermería relacionados	
	Poboación diana	
	Profesionais aos que va dirixido	
	Ámbito asistencial de aplicación	
<b>5</b>	<b>DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO</b>	/ 8
	5.1 Medios materiais /	8
	5.2 Procedemento /	9
	5.3 Observacións /	12
	5.4 Rexistros /	14
	5.5 Avaliación de seguimento /	14
<b>6</b>	<b>RESPONSABILIDADES</b>	/ 14
<b>7</b>	<b>REFERENCIAS</b>	/ 15
<b>8</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA</b>	/ 15
	Bibliografía referenciada /	
<b>9</b>	<b>ANEXOS</b>	/ 16

# 1

## XUSTIFICACIÓN

A protocolización dos cuidados confórmase como instrumento indispensable de soporte para a práctica clínica. Entre as súas numerosas vantaxes cabe destacar a redución na diversidade inapropiada da práctica clínica, o que propicia unha atención máis xusta e equitativa aos nosos pacientes. Unifican, así mesmo, criterios de actuación que nos serven de punto de partida para unha avaliación da calidade do proceso asistencial.

A T<sup>a</sup> corporal pódese determinar mediante termómetros electrónicos, dixitais, de infravermellos e de cristal de galio <sup>1</sup>.

A medición con termómetros electrónicos dixitais, pódese realizar en tres zonas: a axila, a boca e o recto, para a medición da temperatura rectal existen termómetros dixitais semirrígidos <sup>1</sup>.

A temperatura da arteria pulmonar considérase normalmente o patrón da temperatura central 6,94 <sup>2</sup>. pero na medicina clínica considérase que a zona rectal ofrece a “verdadeira” temperatura corporal. Por tanto, tradicionalmente, as lecturas bucal e axilar axústanse á temperatura rectal engadindo 0,3 e 0,5 °C, respectivamente <sup>75</sup> <sup>2</sup>.

A temperatura axilar é a máis utilizada por ofrecer maior seguridade e comodidade para o paciente <sup>1</sup>.

# 2

## DEFINICIÓN, ABREVIATURAS E PALABRAS CLAVE

### Definición /

**Temperatura corporal** - resulta do equilibrio entre a calor producida polos procesos orgánicos e a eliminada cara ao ambiente exterior <sup>1</sup>

**Termómetro** - instrumento de medición da temperatura.

### Abreviaturas /

**EOXI:** estrutura organizativa de xestión integrada.

**GACELA:** *Gestión Avanzada de Cuidados de Enfermería Línea Abierta.*

**IANUS:** historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde.

**NANDA:** *North American Nursing Diagnosis Association.*

**T°:** temperatura.

**mm:** milímetros.

**°C:** graos centígraos.

**AX:** axilar.

**ORL:** oral.

### Palabras clave /

Medición temperatura, temperatura corporal.

# 3

## OBJETIVO

### Objetivo xeral /

Determinar a temperatura corporal en graos centígraos ( °C) e valorar os cambios producidos na termorregulación.

### Objetivos específicos /

Estandarizar os criterios das actuacións dos profesionais para a toma da temperatura.

# 4

## ÁMBITO DE APLICACIÓN



### Diagnósticos de enfermería relacionados

#### *Diagnósticos NANDA<sup>3</sup>*

- 00005 Risco de desequilibrio da temperatura corporal.
- 00008 Termorregulación ineficaz



### Poboación diana

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde que precisen medición da T°.



### Profesionais aos que vai dirixido

Este procedemento é de aplicación para os profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.



### Ámbito asistencial de aplicación

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde aos pacientes que precisen medición da T°.

# 5

## DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO

### 5.1 Medios materiais /

- Termómetro.
- Cubertas desbotables para o termómetro electrónico con sonda de medición.
- Pilas.
- Luvas, se procede.
- Batea, se procede.
- Solucion hidroalcoolica.



## 5.2 Procedemento /

- 1 - Comprobar a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde.
- 2 - Respectar a intimidade do enfermo e gardar confidencialidade dos seus datos.
- 3 - Informar o paciente e/ou o cuidador principal do procedemento que se vai realizar e solicitarlle a súa colaboración, se é posible, recalando a súa utilidade, usando unha linguaxe comprensible e resolvendo as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos explicarlle o procedemento aos pais (*Grao B*).
- 4 - Solicitar o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.
- 5 - Identificar os profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
- 6 - Realizar hixiene de mans con solución hidroalcohólica segundo procedemento.
- 7 - Proceder a toma de T<sup>a</sup>.

**A. TEMPERATURA AXILAR:** Comprobar que a pregadura axilar estea seca.

### Con termómetro electrónico <sup>4</sup>

- Seguir as instrucións do fabricante, retirar a sonda do seu compartimento e verificar que o aparato está preparado para a toma que se vai realizar.

- Cargar a funda da sonda.

- Realizar a toma da temperatura:

Cando o aparato estea preparado, levantar o brazo do doente de forma que poida mirarse a axila colocando a punta da sonda na zona de medición, evitando calquera contacto coa roupa ou outro material (podería dar lecturas erróneas).

Comprobar que a punta da sonda estea en contacto coa pel, paralela ao brazo. Non mover a sonda durante o ciclo de medición. En caso necesario (nenos, axitación, coma, etc.) será o persoal quen manteña a posición axeitada.

- Esperar ata que o equipo indique que alcanzou a T<sup>a</sup> final.

- Retirar a sonda da axila do doente e expulsar a funda.

- Gardar a sonda no seu compartimento e colocar o equipo no lugar destinado para iso.

### Con termómetro dixital <sup>9</sup>

- Colocar o termómetro na pregadura axilar e poñer o antebrazo cruzado sobre o tórax.

- Verificar que o termómetro está correctamente colocado: a parte metálica en contacto coa pel e que o sensor forma un ángulo de 30° co corpo.
- Unha vez posto o termómetro esperar a que pite e retirar.
- Gardar o termómetro na base.

## **B. TEMPERATURA ORAL:**

### **Con termómetro electrónico <sup>4</sup>**

- Seguir as instrucións do fabricante, cando o aparato estea preparado colocar a punta da sonda debaixo da lingua do doente, ao lado do freo en calquera dos lados da boca, alcanzando a cavidade sublingual. Informar o doente que peche os labios arredor da sonda.
- Manter a sonda na zona indicada, de forma que o seu extremo se encontre en contacto co tecido oral durante todo o proceso.
- Esperar ata que o equipo indique que alcanzou a T° final.
- Retirar a sonda da boca do doente e expulsar a funda.
- Desbotar a funda.
- Gardar a sonda no seu compartimento e colocar o equipo no lugar destinado para iso.

### **Con termómetro dixital <sup>9</sup>**

- Colocar o termómetro debaixo da lingua e cerrar a boca.
- Unha vez posto o termómetro esperar a que pite e retirar.
- Gardar o termómetro na base.

## **C. TEMPERATURA RECTAL:**

- Asegúrese de que o aparato esta preparado para este tipo de medición segundo as instrucións do fabricante.
- Comprobar que o paciente non acaba de recibir un enema.
- Pedirle ao paciente que se coloque en decúbito lateral e que flexione a perna situada no plano superior. Expoñer o ano elevando a nádega superior coa man non dominante. Pedirle ao paciente que realice unha inspiración profunda (reláxase o esfínter) e introducir o termómetro lentamente, sen forzar <sup>5</sup>.
- Os bebés colócanse boca abaixo sobre unha superficie plana, separar os glúteos e inserir o extremo do bulbo do termómetro moi lentamente <sup>1</sup>.

### **Con termómetro electrónico <sup>4</sup>**

- Retirar a sonda e colocar unha funda.
- Lubrique previamente a sonda, se é necesario.
- Introduza a sonda no recto do paciente. Para asegurar o contacto apropiado co tecido, incline a sonda lixeiramente despois da inserción.
- Para a profundidade de inserción ter en conta as instrucións do fabricante.
- Esperar ata que o equipo indique que alcanzou a T<sup>a</sup> final.
- Retirar a sonda e expulsar a funda.
- Desbotar a funda.
- Gardar a sonda no seu compartimento e colocar o equipo no lugar axeitado para iso.

### **Con termómetro dixital <sup>9</sup>**

- Lubricar o bulbo do termómetro 1,5.
- Introducir o sensor do termómetro a 2/3 cm do extremo do recto <sup>9</sup>.
- Unha vez posto o termómetro esperar a que pite e retirar.
- Gardar o termómetro na base.

### **D. TEMPERATURA ÓTICA:**

- Para asegurar unha medición precisa, coloque sempre un protector hixiénico novo e limpo.
- Acender o termómetro, cando estea preparado iniciar o proceso de medida.
- Estire a orella para enderezar o canal auditivo. A estirada da orella realízase mellor se usa a man contraria para suxeitar o fío superior da orella.
  - Nenos menores de 1 ano: Estire a orella cara arriba e atrás.
  - Nenos maiores de 1 ano e adultos: Tire da orella cara arriba e abaixo.
- Coloque a sonda de forma suave no oído.
- Seguir as instrucións do fabricante ata que o equipo indique que alcanzou a T<sup>a</sup> final.
- O resultado aparecerá na pantalla.

- Os valores normais oscilan entre 37 °C-38 °C, tendo en conta que hai un aumento dun 1 °C con respecto aos valores normais na medición axilar <sup>5</sup>.

- 8 - Recoller o material utilizado.
- 9 - Hixiene de mans con solución hidroalcohólica segundo procedemento.
- 10 - Proceder a limpar e desinfectar o termómetro (*ver anexo V*).

## 5.3 Observacións /

- No caso de termómetros electrónicos <sup>4</sup>.

· A limpeza do aparello realizarase seguindo as instrucións do fabricante.

– No caso de termómetros dixitais <sup>9</sup>.

· Todos os problemas se solucionan reseteando o termómetro: introducir e retirar da caixa.

· Usar sempre un termómetro para cada paciente.

· Se a lectura do termómetro é significativamente anormal, en calquera extremo da escala, tomar de novo a temperatura con outro termómetro <sup>1</sup>.

### **FACTORES QUE AFECTAN A TEMPERATURA CORPORAL** <sup>1,5</sup>

A idade: o bebé que acaba de nacer presenta problemas de regulación da temperatura, debido á súa inmadureza, de tal modo que lle afectan moito os cambios externos.

No ancián a temperatura corporal adoita estar diminuída.

A hora do día: ao longo da xornada as variacións da temperatura adoitan ser inferiores a 1,5 ° C. A temperatura máxima do organismo alcánzase entre as 18 e as 22 horas e a mínima entre as 2 e as 4 horas <sup>1,5</sup>. Este ritmo circadiano é moi constante e mantense incluso nos pacientes febrís <sup>5</sup>.

O sexo: na segunda metade do ciclo, desde a ovulación ata a menstruación, a temperatura pode elevarse entre 0.3 °C a 0.5 °C <sup>5</sup>.

Os tratamentos farmacolóxicos.

As enfermidades.

O estrés <sup>1</sup>

## TEMPERATURA ORAL:

- Os estudos recomendan no caso de medición na boca utilizar a cavidade sublingual dereita ou esquerda xa que rexistran as temperaturas mais altas <sup>6</sup>.
- Non tomala en pacientes con patoloxía ou cirurxía oral recente.
- Deixar pasar polo menos 15 a 20 minutos despois da inxestión de líquidos fríos ou quentes <sup>6</sup>, mastigar goma de mascar ou pastillas de mentol, cepillar os dentes, fumar ou realizar actividades esgotadoras, xa que poden afectar as lecturas de temperatura ata 20 minutos despois de que a actividade terminase.
- A suxeición da cuberta realizarase cos beizos e non cos dentes para evitar danar a punta da sonda.

## TEMPERATURA AXIAL:

- Se a axila está húmida, secala cunha toalla con movementos de palmada e sen fregar, para evitar elevar a temperatura axilar e obter unha lectura errónea.

## TEMPERATURA RECTAL:

- A toma da temperatura rectal está indicada nos nenos menores de 3 anos e en adultos inconscientes <sup>1</sup>.
- En nenos recoméndase a medición da temperatura timpánica por infravermellos ou axilar e evitar a medición rectal debido ao problema documentado de perforación rectal que se pode producir <sup>6</sup>.
- Contraindicacións da toma rectal: pacientes con cirurxía ou patoloxía rectal, con tracción ou xeso na pelve ou extremidades inferiores <sup>1</sup>.
- Posto que a temperatura aumenta 0,8 °C por cada 2,54 cm de dispositivo que se insire, 49-58, recoméndase unha profundidade normal de 4 cm en adultos, 46 <sup>2</sup>.

## TEMPERATURA ÓTICA:

- A temperatura varía segundo sexa tomada no oído esquerdo ou dereito. En consecuencia, tomar sempre a temperatura no mesmo oído <sup>10</sup>.
- O oído ten que estar libre de obstrucións ou de acumulación de cera <sup>10</sup>.
- Factores externos poden influenciar a temperatura do oído <sup>10</sup>.
  - Ao durmir tombado sobre un oído, a temperatura neste oído pode dar unha medición máis alta.
  - Ao ter os oídos tapados,

- Ao estar exposto a temperaturas externas moi altas ou moi baixas.
- Estarse bañando ou nadar.

Nestes casos, é necesario esperar 20 minutos antes de tomar a temperatura.

- Se se utilizaron gotas nun dos oídos ou calquera tipo de medicacións para o oído, medir a temperatura no oído que non fose tratado <sup>10</sup>.
- Non use o termómetro sen antes colocar un protector novo e limpo <sup>10</sup>.
- Se vostede usa por accidente o termómetro sen protector, limpe a sonda despois do uso (seguir as instrucións do fabricante).
- Algúns estudos demostraron unha diferenza de 0,1 °C en temperaturas timpánicas con otite media unilateral <sup>6</sup>.
- A presenza de cerume inflúe na lectura das temperatura timpánica cunha diferenza de 0,3 °C <sup>6</sup>.

## 5.4 Rexistros /

Realizaranse no aplicativo informático GACELA, IANUS, na folla de enfermería ou en calquera outro sistema de rexistro co que conte a unidade.

Deberase anotar data e hora da toma, zona anatómica de medición e resultado.

Rexistrar no plan de coidados do/da paciente as accións derivadas do procedemento.

## 5.5 Avaliación e seguimento /

O presente documento será actualizado no prazo de cinco anos ou cando a evidencia científica poida afectar ao recollido no procedemento.



# RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.

# 7

## REFERENCIAS

CHUVI.ENF.A-VC/PRD17.04: Medición da temperatura corporal. Termómetro electrónico FILAC Fast Temp®. CHUVI.

PTX-HOS-098: Toma de temperatura axilar. HULA.

# 8

## BIBLIOGRAFÍA

### Bibliografía referenciada /

1. *Protocolos y procedimientos de cuidados generales*, Hospital General Universitario Gregorio Marañón, citado 30 agosto de 2013. [http://www.madrid.org/cs/Satellite?cid=1142605667587&language=es&pageid=1142605665078&pagename=HospitalGregorio-Maranon%2FHOSP\\_Contenido\\_FA%2FHGMA\\_generico](http://www.madrid.org/cs/Satellite?cid=1142605667587&language=es&pageid=1142605665078&pagename=HospitalGregorio-Maranon%2FHOSP_Contenido_FA%2FHGMA_generico)
2. Sund-Levander M, Grodzinsky E. *International Journal of Nursing Practice*, 2009; 15: 241-249. Time for a change to assess and evaluate body temperatura in clinical practice. Citado 30 agosto de 2013.
3. NANDA Internacional. *Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2009-2011*. Editado por T. Heather Herdman. Elsevier. 2010.
4. *Manual de funcionamento do termómetro electrónico FILAC 3000AD/ADA*, Kendall Tyco Healthcare Group LP. Citado 31 de xullo de 2013
5. *Procedimientos generales de enfermería. Hospital Universitario Virgen del Rocío*. Junta de Andalucía. Sevilla 2012, ISBN: 978-84-695-4347-4. Citado 31 de xullo de 2013. [http://www.juntadeandalucia.es/agenciadecalidadsanitaria/observatorioseguridadpaciente/gestor/sites/PortalObservatorio/es/galerias/descargas/recursos\\_compartidos/procedimientos\\_generales\\_enfermeria\\_HUVR.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/agenciadecalidadsanitaria/observatorioseguridadpaciente/gestor/sites/PortalObservatorio/es/galerias/descargas/recursos_compartidos/procedimientos_generales_enfermeria_HUVR.pdf)
6. Felipe Novella, C. Mingo Blanco, M. "Algunas evidencias en técnicas y procedimientos de enfermería en Atención Primaria". *Boletín de Enfermería de Atención Primaria*. Vol. VI, n.º 1. Año 2011 ISSN 1989-6573. Citado 29 setembro de 2013.. [http://sescam.jccm.es/web1/gaptalavera/prof\\_enfermeria/boletines/boletin\\_enfermeria6-1\\_2011.pdf](http://sescam.jccm.es/web1/gaptalavera/prof_enfermeria/boletines/boletin_enfermeria6-1_2011.pdf)
7. *Manual de protocolos y procedimientos generales de enfermería*. Hospital Universitario Reina Sofía. RD-1 Signos vitales. Córdoba 2010. Citado 1 de agosto de 2013. [http://www.juntadeandalucia.es/servicioandaluzdesalud/hrs3/fileadmin/user\\_upload/area\\_enfermeria/enfermeria/procedimientos/procedimientos\\_2012/rd1\\_signos\\_vitales.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/servicioandaluzdesalud/hrs3/fileadmin/user_upload/area_enfermeria/enfermeria/procedimientos/procedimientos_2012/rd1_signos_vitales.pdf)
8. Sitio web: <http://www.aibarra.org/> (Internet). Responsable de la web: Antonio José Ibarra Fernández: 2006 [ISSN: 1885-7124 actualizado por última vez o 26 outubro 2012;

citado 24 setembro 2013]. <http://www.aibarra.org/Manual/General/constantes.htm>

9. *Manual de uso do Termómetro ET-C202, ET-C402, Terumo.* Citado 29 de setembro de 2013.

10. *Manual de uso termómetro Braun Thermoscan, IRT 3020 CO.* Citado 29 de setembro de 2013. [http://www.service.braun.com/line/PD/D6026/D6026\\_1\\_MN.pdf](http://www.service.braun.com/line/PD/D6026/D6026_1_MN.pdf)

# 9 ANEXOS

## Anexo I: Valoración de temperatura corporal /

### Valoración de temperatura según lugar da toma e idade do paciente

Lugar de toma da	Temperaturas corporais normais por idade de paciente			
	0 - 2 anos	3 - 10 anos	11 - 65 anos	> 65 anos
Timpático	97,5° - 100,4 °F	97,0° - 100,0 °F	96,6° - 99,7 °F	96,4° - 99,5 °F
	36,4° - 38,0 °C	36,1° - 37,8 °C	35,9° - 37,6 °C	35,8° - 37,5 °C
Oral	-	95,9° - 99,5 °F	97,6° - 99,6 °F	96,4° - 98,5 °F
	-	35,5° - 37,5 °C	36,4° - 37,6 °C	35,8° - 36,9 °C
Central	97,5° - 100,0 °F	97,5° - 100,0 °F	98,2° - 100,2 °F	96,6° - 98,8 °F
	36,4° - 37,8 °C	36,4° - 37,8 °C	36,8° - 37,9 °C	35,9° - 37,1 °C
Rectal	97,9° - 100,4 °F	97,9° - 100,4 °F	98,6° - 100,6 °F	97,1° - 99,2 °F
	36,6° - 38,0 °C	36,6° - 38,0 °C	37,0° - 38,1 °C	36,2° - 37,3 °C
Axilar	94,5° - 99,1 °F	96,6° - 98,0 °F	95,3° - 98,4 °F	96,0° - 97,4 °F
	34,7° - 37,3 °C	35,9 ° - 36,7 °C	35,2° - 36,9 °C	35,6° - 36,3 °C



## Valoración de resultados da temperatura corporal

Tª media normal	Axilar/ Inguinal	96° - 37°
	Oral	0,5 °C maior ca axilar
Febrícula	entre 37° e 38 °C	
Febre moderada	entre 38° e 39 °C	
Febre alta	entre 39° e 40 °C	
Hipertermia	máis de 40 °C	

Ter en conta para as medicións, que a temperatura máxima do organismo se alcanza entre as 18 e as 22 horas e a mínima entre as 2 e as 4 horas.

### Anexo II: Limpeza e desinfección do termómetro dixital /

- Despois de cada uso lavar o termómetro con auga e xabón.
- Mergullar o termómetro e a caixa nunha solución de gliconato de clorhexidina o 0,05 % durante 30 minutos (como máximo).
- Deixar secar e gardar cada termómetro na súa caixa.
- O termómetro non se pode esterilizar usando calor.
- Mergulle o termómetro o tempo imprescindible para desinfectalo.



galicia

Servizo Galego  
de Saúde



Asistencia Sanitaria  
Procedementos

42

D

FEMORA



XUNTA  
DE GALICIA